

Servizos médicos

Plantas de hospitalización	Persoal de sábados
Nefroloxía	Persoal habitual
Consultas ambulatorias	50% del persoal habitual
Quirófano e postoperatorio	Persoal habitual
Urxencias-UCO	Persoal habitual
UVI	Persoal habitual
Queimados	Persoal habitual
HADO	Persoal habitual
Clínica de Día	Persoal habitual
Laboratorio	Persoal de sábados
Anatomía patolóxica	Persoal de sábados
Farmacia	Persoal de sábados
Radioloxía xeral	Persoal de sábados
Radioterapia	Persoal habitual
Medicina nuclear	Persoal habitual

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 18 de maio de 2009 pola que se determina a composición das comisións de valoración de determinadas ordes de subvencións na área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar.

Mediante o Decreto 79/2009, do 19 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 83/2009, do 21 de abril, fíxose a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. A entrada en vigor dos citados decretos vai supor, de acordo cos principios de eficacia, austeridade e economía, unha redución da estrutura administrativa ata agora existente.

Do mesmo xeito, mediante o Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, créanse as delegacións territoriais da Xunta de Galicia e suprimense as delegacións provinciais actualmente existentes, o que supón unha nova estruturación dos órganos administrativos da administración periférica da Xunta de Galicia.

Existen na actualidade diferentes ordes de subvencións convocadas na área de traballo correspondentes ao exercicio de 2009 que, non acadando a fase de resolución, se atopan en fase de tramitación nas distintas provincias e nos servizos centrais, e a composición das comisións de valoración non se adaptan aos requirimentos da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Resulta urxente, polo tanto, acometer as modificacións que sexan necesarias na composición das comisións de valoración reguladas nas diferentes ordes de convocatoria co fin de que conforme os principios de eficacia e celeridade que deben inspirar a actuación e a organización administrativa poida procederse á resolución das diferentes convocatorias.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do

22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:**Artigo 1º**

A composición das comisións de valoración establecidas nas ordes de axudas para o ano 2009 convocadas pola anterior Consellería de Traballo e cando se vexan afectadas pola nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, estarán integradas polos seguintes membros:

En servizos centrais: o/a subdirector/a xeral competente por razón da materia que exercerá de presidente e como vogais dous funcionarios da citada subdirección xeral.

Nos departamentos territoriais: o/a xefe/a do servizo competente por razón da materia e dous funcionarios do citado servizo.

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída pola persoa que, para o efecto, designe o órgano competente para resolver.

Artigo 2º

Todos os expedientes de subvención iniciados ao abeiro das ordes de convocatoria sinaladas no artigo anterior, en trámite nos distintos centros directivos e unidades da Consellería de Traballo e Benestar, que non acadasen a fase de resolución e notificación aos beneficiarios, remitiranse ás correspondentes comisións de valoracións para que estas, coa nova composición establecida no artigo anterior, procedan ao seu estudo, informe e avaliación co obxecto da súa posterior resolución, polo órgano competente para resolver.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

Resolución do 15 de maio de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Adminis-

tración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexe o proceso selectivo convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 24 de outubro de 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 211, do 30 de outubro, e modificada pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 25 de marzo de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 62, do 31 de marzo, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección turística.

A listaxe de aspirantes admitidos poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no servizo de información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A listaxe de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivos de exclusión serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os aspirantes que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo, co obxecto de formular reclamación.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo
Álvarez Castro, José Carlos	44466124V	Libre	22
Ansedes Domínguez, Fabiola	33276486V	Libre	22
García Fernández, Noemí	44847523F	Libre	16
Gómez Ferreiro, Marfa Patricia	79329628Y	Libre	22
Riveiro Varela, Marcos Germán	53163117C	Libre	22
Rodríguez Mourille, Cecilio	35566141E	Libre	44

Código	Motivo da exclusión
16	Documento xustificativo exención de taxas non presentado
22	Taxas aboadas fóra de prazo
44	Xa pertence ao corpo, escala ou categoría a que se presenta

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 19 de maio de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se nomean os tribunais cualificadores de determinadas categorías ou especialidades do proceso selectivo de persoal estatutario do organismo.

O punto 2 da base quinta das resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que os tribunais cualificadores, para cada unha das categorías ou especialidades que se convocan, serán nomeados pola autoridade convocante publicándose a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*, polo que, en consecuencia, esta dirección.

ACORDA:

Primeiro.-Nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), e que aparecen relacionados, para cada categoría ou especialidade, no anexo desta resolución.

Segundo.-Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

ANEXO

ALERGOLOXÍA

-Membros titulares:

Presidente: Antonio Parra Arrondo.

Secretario: José Luis Sampedro Morandeira.

Vogais:

Manuel Boquete París.

Virginia Rodríguez Vázquez.

Carlos González de la Cuesta.

-Membros suplentes:

Presidenta: María Teresa Soto Mera.

Secretario: Francisco Morán Losada.

Vogais:

María Ángeles Rico Díaz.

Susana Varela Losada.

Teresa Soto Mera.